

SUBGRUPO A1-TEMA 5-LEI 9/2017-GALEGO

TEMA 5- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público

1. De acordo co artigo 1.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, a presente lei ten por obxecto regular:

- a) A contratación da Administración pública.
- b) A contratación dos municipios.
- c) A contratación do sector público.

2. De conformidade co artigo 1.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, facilitarase o acceso á contratación pública das pequenas e medianas empresas, así como das empresas:

- a) De economía sustentable.
- b) De carácter cooperativo.
- c) De economía social.

3. O artigo 2.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, establece que están tamén suxeitos á presente lei, nos termos que nela se sinalan, os contratos subvencionados por entidades que teñan a consideración de:

- a) Poderes públicos.
- b) Poderes adxudicadores.
- c) Poderes privados.

4. Segundo o artigo 3.1.i) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, considérase que forman parte do sector público:

- a) Os fondos con personalidade xurídica.
- b) Os fondos sen personalidade xurídica.
- c) Os fondos con algunha personalidade xurídica.

5. De conformidade co artigo 4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, as relacións xurídicas, negocios e contratos citados nesta sección quedan excluídos do ámbito da presente lei, e rexeranse polas súas normas especiais, aínda que se aplicarán os principios desta lei para:

- a) Resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.
- b) Resolver soamente as dúbidas que puidesen producirse.
- c) O que se considere oportuno.

6. De conformidade co artigo 7.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, exclúense do ámbito da presente lei os acordos que celebre o Estado:

- a) Con outros Estados ou con outros suxeitos de dereito internacional.
- b) Coas Illas Canarias.
- c) Coas sociedades cooperativas.

7. De acordo co artigo 8 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, quedan excluídos da presente lei os contratos de:

- a) Só os contratos de investigación.
- b) Só os contratos de desenvolvemento de programas.
- c) Os contratos de investigación e desenvolvemento, coas excepcións previstas na propia lei.

SUBGRUPO A1-TEMA 5-LEI 9/2017-GALEGO

8. Segundo o artigo 9.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, atópanse excluídos da presente lei:

- a) Os contratos de explotación de bens privativos.
- b) Os contratos de explotación de bens patrimoniais distintos aos definidos no artigo 14.
- c) Os contratos de explotación de bens gananciais.

9. Segundo o artigo 11.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, queda excluída do ámbito da presente lei:

- a) A relación de servizo dos funcionarios públicos e os contratos regulados na lexislación laboral.
- b) Unicamente a relación de servizo dos funcionarios públicos.
- c) Unicamente os contratos regulados na lexislación laboral.

10. De conformidade co artigo 11.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, quedan excluídos da presente lei:

- a) Os contratos relativos a servizos de arbitraje e conciliación.
- b) Os contratos de obra.
- c) Os contratos de servizos.

11. De conformidade co disposto no artigo 12.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, os contratos de obras, concesión de obras, concesión de servizos, subministración e servizos que celebren as entidades pertencentes ao sector público cualificaranse de acordo con:

- a) Os costumes do lugar.
- b) As normas contidas na presente sección.
- c) As normas do Código penal.

12. E de acordo co establecido no artigo 12.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, os restantes contratos do sector público cualifícanse segundo:

- a) As normas de dereito administrativo ou de dereito privado que lles sexan de aplicación.
- b) As normas de dereito administrativo que non lles sexan de aplicación.
- c) As normas de dereito privado que non lles sexan de aplicación.

13. Segundo o disposto no artigo 13.1.a) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, son contratos de obras aqueles que teñen por obxecto:

- a) A xestión dun servizo público.
- b) A compra de material de oficina.
- c) A execución dunha obra, illada ou conxuntamente coa redacción do proxecto, ou a realización dalgún dos traballos enumerados no anexo I.

14. Segundo o disposto no artigo 13.1.b) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, son contratos de obras:

- a) A xestión dun servizo público.
- b) A realización, por calquera medio, dunha obra que cumpra os requisitos fixados pola entidade do sector público contratante que exerza unha influencia decisiva no tipo ou no proxecto da obra.
- c) A compra de material de oficina.

SUBGRUPO A1-TEMA 5-LEI 9/2017-GALEGO

15. De acordo co artigo 13.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, por "obra" entenderase o resultado dun conxunto de traballos de construción ou de enxeñería civil, destinado a cumprir en por si unha función económica ou técnica, que teña por obxecto:

- a) Un ben moble.
- b) Un ben inmovible.
- c) Un ben moble ou inmovible.

16. Segundo o artigo 14.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que tipo de contrato é aquel que ten por obxecto a realización polo concesionario dalgunhas das prestacións a que se refire o artigo anterior, incluídas as de restauración e reparación de construcións existentes?:

- a) O contrato de servizos.
- b) O contrato de arrendamento.
- c) O contrato de concesión de obras.

17. Segundo o artigo 15.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que tipo de contrato é aquel en cuxa virtude un ou varios poderes adxudicadores encomendan a título oneroso a unha ou varias persoas, naturais ou xurídicas, a xestión dun servizo cuxa prestación sexa da súa titularidade ou competencia?:

- a) O contrato de concesión de servizos.
- b) O contrato de obra.
- c) O contrato de subministración.

18. De conformidade co artigo 15.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, o dereito de explotación dos servizos implicará a transferencia ao concesionario:

- a) Do risco operacional.
- b) De todo tipo de risco.
- c) De ningún risco.

19. Segundo o artigo 16.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que tipo de contratos son aqueles que teñen por obxecto a adquisición, o arrendamento financeiro, ou o arrendamento, con ou sen opción de compra, de produtos ou bens mobles?:

- a) Contratos de obras.
- b) Contratos de concesión de obras.
- c) Contratos de subministración.

20. Segundo o artigo 16.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, son contratos de subministración aqueles que teñen por obxecto a adquisición, o arrendamento financeiro, ou o arrendamento, con ou sen opción de compra, de produtos ou bens:

- a) Mobles.
- b) Inmobles.
- c) Mixtos.

SUBGRUPO A1-TEMA 5-LEI 9/2017-GALEGO

21. De acordo co artigo 16.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, sen prexuízo do disposto na letra b) do apartado 3 deste artigo respecto dos contratos que teñan por obxecto programas de computador, non terán a consideración de contrato de subministración os contratos relativos a:

- a) Propiedades corporais.
- b) Propiedades incorporais ou valores negociables.
- c) Valores innegociables.

22. De acordo co artigo 16.3.a) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que tipo de contratos son aqueles nos que o empresario se obrigue a entregar unha pluralidade de bens de forma sucesiva e por prezo unitario sen que a contía total se defina con exactitude ao tempo de celebrar o contrato, por estar subordinadas as entregas ás necesidades do adquirente?:

- a) Os de obra.
- b) Os de servizos.
- c) Os de subministracións.

23. Segundo o artigo 16.3.b) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que tipo de contratos son aqueles que teñen por obxecto a adquisición e o arrendamento de equipos e sistemas de telecomunicacións ou para o tratamento da información, os seus dispositivos e programas, e a cesión do dereito de uso destes últimos, en calquera das súas modalidades de posta á disposición?:

- a) Os privados.
- b) Os mixtos.
- c) Os de subministracións.

24. Segundo o artigo 16.3.b) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, os contratos de adquisición de programas de computador desenvolvidos a medida consideraranse:

- a) Contratos de obra.
- b) Contratos de servizos.
- c) Contratos de subministracións.

25. Segundo o artigo 16.3.c) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que tipo de contratos son os de fabricación, polos que a cousa ou cousas que haxan de ser entregadas polo empresario deban ser elaboradas de acordo cunhas características peculiares fixadas previamente pola entidade contratante, aínda cando esta se obrigue a achegar, total ou parcialmente, os materiais precisos?:

- a) Contratos de subministracións.
- b) Contratos de obra.
- c) Contratos de concesión de servizos.

26. Segundo o artigo 16.3.d) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que tipo de contratos son os que teñen por obxecto a adquisición de enerxía primaria ou enerxía transformada?:

- a) Contratos de subministracións.
- b) Contratos de obra.
- c) Contratos de servizos.

SUBGRUPO A1-TEMA 5-LEI 9/2017-GALEGO

27. Segundo o artigo 17 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que tipo de contratos son aqueles cuxo obxecto son prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración, incluídos aqueles en que o adxudicatario se obrigue a executar o servizo de forma sucesiva e por prezo unitario?:

- a) Contratos de servizos.
- b) Contratos de obra.
- c) Contratos de subministración.

28. De acordo co artigo 17 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, non poderán ser obxecto dos contratos de servizos os que impliquen:

- a) Exercicio da autoridade inherente aos poderes privados.
- b) Exercicio da autoridade inherente aos poderes públicos.
- c) Exercicio de calquera tipo de autoridade.

29. De conformidade co artigo 18.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, entenderase por contrato mixto:

- a) Aquel que conteña prestacións correspondentes a outro ou outros de distinta clase.
- b) Aquel que conteña prestacións correspondentes a contratos da mesma clase.
- c) Aquel que non conteña ningún tipo de prestación.

30. De acordo co artigo 18.1.a) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, para a determinación das normas que rexerán a adxudicación dos contratos mixtos cuxo obxecto conteña prestacións de varios contratos regulados nesta lei, estarase á seguinte regra: Cando un contrato mixto comprenda prestacións propias de dous ou máis contratos de obras, subministracións ou servizos atenderase:

- a) Ao carácter da prestación accesoria.
- b) Ao carácter da prestación principal.
- c) Ao carácter de todas as prestacións.

31. De conformidade co artigo 18.1.b) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, cando o contrato mixto conteña prestacións dos contratos de obras, subministracións ou servizos, por unha banda, e contratos de concesións de obra ou concesións de servizos, doutra, e se as distintas prestacións non son separables atenderase:

- a) Ao carácter da prestación accesoria.
- b) Ao carácter da prestación principal.
- c) Ao carácter de todas as prestacións.

32. De conformidade co artigo 18.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, cando o contrato mixto recolla prestacións de contratos regulados nesta lei con prestacións doutros contratos distintos dos regulados nesta, para determinar as normas aplicables á súa adxudicación atenderase á seguintes regra:

- a) Se as distintas prestacións non son separables, atenderase ao carácter da prestación principal.
- b) Se as distintas prestacións non son separables, atenderase ao carácter de todas as prestacións.
- c) Se as distintas prestacións non son separables, atenderase ao carácter da prestación accesoria.



SUBGRUPO A1-TEMA 5-LEI 9/2017-GALEGO

33. De conformidade co artigo 18.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, cando o contrato mixto recolla prestacións de contratos regulados nesta lei con prestacións doutros contratos distintos dos regulados nesta, para determinar as normas aplicables á súa adxudicación atenderase á seguintes regra:

- a) Se as prestacións son separables e se decide celebrar un único contrato, aplicarase o disposto nesta lei.
- b) Se as prestacións son separables e se decide celebrar un único contrato, non se aplicará o disposto nesta lei.
- c) Se as prestacións son separables e se decide celebrar un único contrato, aplicarase o disposto na lei de patrimonio.

34. Cal é a cantidade a que se refire o artigo 18.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público?:

- a) 5 euros.
- b) 50 euros.
- c) 50.000 euros.

35. De conformidade co artigo 18.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, no caso de que o contrato mixto conteña elementos dunha concesión de obras ou dunha concesión de servizos, deberá acompañarse do correspondente:

- a) Estudo de impacto tecnolóxico.
- b) Estudo de impacto ambiental.
- c) Estudo de viabilidade.

36. Segundo o artigo 19.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, son contratos suxeitos a unha regulación harmonizada os contratos de obras, os de concesión de obras, os de concesión de servizos, os de subministración e os de servizos cuxo valor estimado, calculado conforme ás regras que se establecen no artigo 101, sexa igual ou superior ás contías que se indican nos artigos seguintes, sempre que a entidade contratante teña o carácter de:

- a) Poder adxudicador.
- b) Poder absoluto.
- c) Poder total.

37. Segundo o artigo 19.2.a) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, non se consideran suxeitos a regulación harmonizada, calquera que sexa o seu valor estimado, os contratos seguintes:

- a) Todo tipo de contrato de obra.
- b) Todo tipo de contrato de subministración.
- c) Os que teñan por obxecto a adquisición, o desenvolvemento, a produción ou a coprodución de programas destinados a servizos de comunicación audiovisual.

38. Segundo o artigo 19.2.b) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, non se consideran suxeitos a regulación harmonizada, calquera que sexa o seu valor estimado, os contratos seguintes:

- a) Os incluídos dentro do ámbito definido polo artigo 346 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea que se conclúan no sector da defensa.
- b) Todo tipo de contrato de obra.
- c) Todo tipo de contrato de subministración.



SUBGRUPO A1-TEMA 5-LEI 9/2017-GALEGO

39. Segundo o artigo 19.2.c) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, non se consideran suxeitos a regulación harmonizada, calquera que sexa o seu valor estimado, os contratos seguintes:

- a) Todo tipo de contrato de obra.
- b) Todo tipo de contrato de subministración.
- c) Os declarados secretos ou reservados.

40. Segundo o artigo 19.2.d) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, non se consideran suxeitos a regulación harmonizada, calquera que sexa o seu valor estimado, os contratos seguintes:

- a) Aqueles cuxo obxecto principal sexa permitir aos órganos de contratación a posta á disposición ou a explotación de redes públicas de comunicacións ou a prestación ao público dun ou varios servizos de comunicacións electrónicas.
- b) Todo tipo de contrato de obra.
- c) Todo tipo de contrato de subministración.

41. Segundo o artigo 19.2.e) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, non se consideran suxeitos a regulación harmonizada, calquera que sexa o seu valor estimado, os contratos seguintes:

- a) Os servizos de certificación e autenticación de documentos que deban ser prestados por un notario público.
- b) Todo tipo de contrato de obra.
- c) Todo tipo de contrato de subministración.

42. Segundo o artigo 19.2.e) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, non se consideran suxeitos a regulación harmonizada, calquera que sexa o seu valor estimado, os contratos seguintes:

- a) Outros servizos xurídicos que estean relacionados, mesmo de forma ocasional, co exercicio do poder público.
- b) Todo tipo de contrato de subministración.
- c) Todo tipo de contrato de obra.

43. Segundo o artigo 19.2.f) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, non se consideran suxeitos a regulación harmonizada, calquera que sexa o seu valor estimado, os contratos seguintes:

- a) Os que teñan por obxecto servizos de defensa civil, protección civil e prevención de riscos laborais prestados por organizacións ou asociacións sen ánimo de lucro e incluídos en determinados códigos.
- b) Todo tipo de contrato de subministro.
- c) Todo tipo de contrato de obra.

44. Segundo o artigo 19.2.g) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, non se consideran suxeitos a regulación harmonizada, calquera que sexa o seu valor estimado, os contratos seguintes:

- a) Os que teñan por obxecto servizos públicos de transporte de viaxeiros por ferrocarril ou en metro, así como as concesións de servizos de transporte de viaxeiros.
- b) Todo tipo de contrato de servizos.
- c) Todo tipo de contrato de concesión de obra.

SUBGRUPO A1-TEMA 5-LEI 9/2017-GALEGO

45. De acordo co artigo 20.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, cal dos seguintes tipos de contratos está suxeito a regulación harmonizada sempre que o seu importe sexa igual ou superior a 5.548.000 euros?:

- a) Os contratos de obras.
- b) Os contratos de subministracións.
- c) Os contratos de xestión de servizos públicos.

46. Segundo o artigo 20.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, cal dos seguintes tipos de contratos está suxeito a regulación harmonizada sempre que o seu importe sexa igual ou superior a 5.548.000 euros:

- a) Os contratos de subministracións.
- b) Os contratos de concesión de obras.
- c) Os contratos de xestión de servizos.

47. Segundo o artigo 20.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, cal dos seguintes tipos de contratos está suxeito a regulación harmonizada sempre que o seu importe sexa igual ou superior a 5.548.000 euros?:

- a) Os contratos de subministracións.
- b) Os contratos de xestión de servizos.
- c) Os contratos de concesión de servizos.

48. De conformidade co artigo 20.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, están suxeitos a regulación harmonizada os contratos de obras, de concesión de obras e de concesión de servizos cuxo valor estimado:

- a) Sexa igual ou superior a 5.548.000 euros.
- b) Sexa inferior a 5.548.000 euros.
- c) Sexa igual ou superior a 5.548 euros.

49. De acordo co disposto no artigo 20.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, nos contratos de obras que se adxudiquen por lotes separados, cando o valor acumulado dos lotes en que se divida a obra iguale ou supere a cantidade de 5.548.000 euros:

- a) Aplicaranse as normas da regulación harmonizada á adxudicación só do primeiro lote.
- b) Aplicaranse as normas da regulación harmonizada á adxudicación de cada lote.
- c) Non se aplicarán as normas da regulación harmonizada á adxudicación de cada lote.

50. De conformidade co segundo parágrafo do artigo 20.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, os órganos de contratación poderán exceptuar destas normas aos lotes cuxo valor estimado sexa inferior a un millón de euros, sempre que o importe acumulado dos lotes exceptuados:

- a) Non exceda o 20 por 100 do valor acumulado da totalidade destes.
- b) Exceda o 20 por 100 do valor acumulado da totalidade destes.
- c) Non exceda o 90 por 100 do valor acumulado da totalidade destes.

51. Segundo o artigo 21.1.a) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, están suxeitos a regulación harmonizada os contratos de subministración cuxo valor estimado sexa igual ou superior á seguinte cantidade:

- a) 144.000 euros.
- b) 144 euros.
- c) 14 euros.

SUBGRUPO A1-TEMA 5-LEI 9/2017-GALEGO

52. De conformidade co artigo 21.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, nos contratos que se adxudiquen por lotes separados, cando o valor acumulado dos lotes en que se divida a subministración iguale ou supere as cantidades indicadas no apartado anterior:

- a) Non se aplicarán as normas da regulación harmonizada á adxudicación de cada lote.
- b) Aplicaranse as normas da regulación harmonizada á adxudicación de cada lote.
- c) Aplicaranse as normas da regulación harmonizada á adxudicación só do primeiro lote.

53. De acordo co artigo 22.1.a) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, están suxeitos a regulación harmonizada os contratos de servizos cuxo valor estimado sexa igual ou superior a 144.000 euros, cando os contratos haxan de ser adxudicados por:

- a) A Administración das comunidades autónomas.
- b) Os municipios.
- c) A Administración xeral do Estado.

54. De acordo co artigo 22.1.a) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, están suxeitos a regulación harmonizada os contratos de servizos cuxo valor estimado sexa igual ou superior a 144.000 euros, cando os contratos haxan de ser adxudicados por:

- a) Os municipios.
- b) Os organismos autónomos da Administración xeral do Estado.
- c) A Administración das comunidades autónomas.

55. De acordo co artigo 22.1.a) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, están suxeitos a regulación harmonizada os contratos de servizos cuxo valor estimado sexa igual ou superior a 144.000 euros, cando os contratos haxan de ser adxudicados por:

- a) As entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social.
- b) A Administración das comunidades autónomas.
- c) Os municipios.

56. De conformidade co artigo 22.1.b) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, están suxeitos a regulación harmonizada os contratos de servizos cuxo valor estimado sexa igual ou superior a 221.000 euros, cando os contratos haxan de adxudicarse por entidades do sector público distintas a:

- a) A Administración xeral do Estado.
- b) Os municipios.
- c) As deputacións provinciais.

57. De conformidade co artigo 22.1.b) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, están suxeitos a regulación harmonizada os contratos de servizos cuxo valor estimado sexa igual ou superior a 221.000 euros, cando os contratos haxan de adxudicarse por entidades do sector público distintas a:

- a) A Administración das comunidades autónomas.
- b) As deputacións provinciais.
- c) Os organismos autónomos da Administración xeral do Estado.

SUBGRUPO A1-TEMA 5-LEI 9/2017-GALEGO

58. De conformidade co artigo 22.1.b) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, están suxeitos a regulación harmonizada os contratos de servizos cuxo valor estimado sexa igual ou superior a 221.000 euros, cando os contratos haxan de adxudicarse por entidades do sector público distintas a:

- a) As entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social.
- b) Os cabidos insulares.
- c) As parroquias.

59. Segundo o artigo 22.1.c) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, están suxeitos a regulación harmonizada os contratos de servizos cuxo valor estimado sexa igual ou superior a 750.000 euros, cando se trate de contratos que teñan por obxecto:

- a) Os servizos sociais.
- b) A asistencia sanitaria gratuíta.
- c) O servizo doméstico.

60. De acordo co artigo 22.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, nos contratos que se adxudiquen por lotes separados, cando o valor acumulado dos lotes en que se divida a contratación de servizos iguale ou supere os importes indicados no apartado anterior:

- a) Non se aplicarán as normas da regulación harmonizada á adxudicación de cada lote.
- b) Aplicaranse as normas da regulación harmonizada á adxudicación de cada lote.
- c) Aplicaranse as normas da regulación harmonizada á adxudicación só do primeiro lote.

61. De acordo co artigo 22.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, os órganos de contratación poderán exceptuar destas normas os lotes cuxo valor estimado sexa inferior a 80.000 euros, sempre que o importe acumulado dos lotes exceptuados non exceda:

- a) O 20 por 100 do valor acumulado da totalidade destes.
- b) O 20 por 100 do valor acumulado da metade destes.
- c) O 90 por 100 do valor acumulado da totalidade destes.

62. De conformidade co artigo 23.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que tipos de contratos son contratos subvencionados suxeitos a unha regulación harmonizada?:

- a) Os contratos privados.
- b) Os contratos de obras e os contratos de servizos.
- c) Os contratos de subministracións.

63. De acordo co artigo 23.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, cando o contrato subvencionado se adxudique por entidades do sector público que teñan a consideración de poder adxudicador, aplicaranse as normas de contratación previstas para estas entidades, de acordo coa súa natureza, salvo a relativa á determinación da competencia para resolver:

- a) O recurso de alzada.
- b) O recurso potestativo de reposición.
- c) O recurso especial en materia de contratación.

SUBGRUPO A1-TEMA 5-LEI 9/2017-GALEGO

64. De conformidade co artigo 24 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, os contratos do sector público poderán estar sometidos a un réxime xurídico de:

- a) Dereito tributario.
- b) Dereito penal.
- c) Dereito administrativo ou de dereito privado.

65. Segundo o artigo 25.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, terán carácter administrativo os contratos seguintes, sempre que se celebren por:

- a) Unha fundación privada.
- b) Unha sociedade anónima.
- c) Unha Administración pública.

66. De acordo co artigo 25.1.a) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, terán carácter administrativo os contratos seguintes, sempre que se celebren por unha Administración pública:

- a) Os contratos de obra, concesión de obra, concesión de servizos, subministración e servizos, con algunhas excepcións que se recollen nese artigo.
- b) Os contratos de obra, concesión de obra, concesión de servizos, subministración e servizos sen ningunha excepción.
- c) Só os contratos de obra e de concesión de obra.

67. De acordo co artigo 25.1.a) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, establécese que terán carácter privado os seguintes contratos:

- a) Os contratos de obra.
- b) Os contratos de concesión de obra.
- c) Os contratos de servizos que teñan por obxecto servizos financeiros con determinados números de referencia.

68. De acordo co artigo 25.1.a) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, establécese que terán carácter privado os seguintes contratos:

- a) Os contratos de subministración.
- b) Os contratos de obra.
- c) Os que teñan por obxecto a creación e interpretación artística e literaria e os de espectáculos con determinados números de referencia.

69. De acordo co artigo 25.1.a) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, establécese que terán carácter privado os seguintes contratos:

- a) Os contratos de concesión de obra.
- b) Os contratos de subministración.
- c) Aqueles cuxo obxecto sexa a subscripción a revistas, publicacións periódicas e bases de datos.

70. De acordo co artigo 25.1.b) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, terán carácter administrativo os contratos seguintes, sempre que se celebren por unha Administración pública:

- a) Os contratos declarados así expresamente por unha lei.
- b) Ningún contrato pode ter carácter administrativo.
- c) Os contratos de arrendamento de propiedades urbanas.

SUBGRUPO A1-TEMA 5-LEI 9/2017-GALEGO

71. De acordo co artigo 25.1.b) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, terán carácter administrativo, sempre que se celebren por unha Administración pública, os contratos declarados así expresamente por unha lei e aqueles de obxecto distinto aos expresados na letra anterior, pero que teñan natureza administrativa especial por:

- a) Estar vinculados ao xiro ou tráfico específico da Administración contratante.
- b) Estar vinculados ao xiro ou tráfico xeral da Administración contratante.
- c) Estar vinculados ao xiro ou tráfico específico da sociedade contratante.

72. De acordo co artigo 25.1.b) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, terán carácter administrativo, sempre que se celebren por unha Administración pública, os contratos declarados así expresamente por unha lei e aqueles de obxecto distinto aos expresados na letra anterior, pero que teñan natureza administrativa especial por:

- a) Satisfacer de forma directa ou inmediata unha finalidade pública da específica competencia daquela.
- b) Satisfacer de forma indirecta unha finalidade pública da específica competencia daquela.
- c) Satisfacer de forma indirecta unha finalidade privada da específica competencia daquela.

73. De conformidade co artigo 25.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, os contratos administrativos rexeranse, en canto á súa preparación, adxudicación, efectos, modificación e extinción, por:

- a) O Código civil.
- b) O Código penal.
- c) Esta lei e as súas disposicións de desenvolvemento.

74. De conformidade co artigo 25.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, os contratos administrativos rexeranse por esta lei e as súas disposicións de desenvolvemento:

- a) En canto á súa preparación, adxudicación, efectos, modificación e extinción.
- b) Soamente en canto á súa preparación e adxudicación.
- c) Soamente en canto aos seus efectos e extinción.

75. De conformidade co artigo 25.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, os contratos administrativos rexeranse, en canto á súa preparación, adxudicación, efectos, modificación e extinción, por esta lei e as súas disposicións de desenvolvemento e supletoriamente aplicaranse:

- a) Os costumes do lugar.
- b) As restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.
- c) Os usos e costumes do lugar.

76. De conformidade co artigo 25.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, aos contratos administrativos especiais a que se refire a letra b) do apartado anterior seranlles de aplicación, en primeiro termo:

- a) As súas normas específicas.
- b) Os costumes do lugar.
- c) Os usos do lugar.

SUBGRUPO A1-TEMA 5-LEI 9/2017-GALEGO

77. De acordo co artigo 26.1.b) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, terán a consideración de contratos privados:

- a) Os celebrados por entidades do sector privado que son poder adxudicador, pero non reúnen a condición de administracións públicas.
- b) Os celebrados por entidades do sector privado que son poder adxudicador, pero non reúnen a condición de administracións públicas.
- c) Os celebrados por entidades do sector público que son poder adxudicador, pero non reúnen a condición de administracións públicas.

78. De acordo co artigo 26.1.c) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, terán a consideración de contratos privados:

- a) Os celebrados por entidades do sector público que non reúnan a condición de poder adxudicador.
- b) Os celebrados por entidades do sector público que reúnan a condición de poder adxudicador.
- c) Os celebrados por entidades do sector público.

79. Segundo o disposto no artigo 26.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, os contratos privados que celebren as administracións públicas rexeranse en canto aos seus efectos, modificación e extinción:

- a) Polo dereito administrativo.
- b) Polo dereito privado.
- c) Pola Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

80. De acordo co artigo 27.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, cal será a xurisdición competente para coñecer das cuestións relativas á preparación, adxudicación, efectos, modificación e extinción dos contratos administrativos?:

- a) A contencioso-administrativa.
- b) A social.
- c) A civil.